

ATA A CONQUISTA ROMANA

Despois do século VI repártense a península tres razas distintas: iberos, celtas e tartesos. Os iberos constitúen a raza comunmente admitida por todos os historiadores como a primeira que poboou a península, tras as razas prehistóricas. Fáiselles provenientes de África e de estirpe parella aos bereberes e ocupan a zona de Xaca, do Ebro, do Maestrazgo, Alacant e Elche. Os celtas, raza indoeuropea anterior aos iberos en certas zonas de Europa, ocupan Galicia, norte de Portugal, Castela-León, A Riouxa, Serra Morena e sur de Portugal. Outra raza fascinante é a tartesa: esta emprázase en zonas coma serra Morena, Andalucía e parte da Rexión de Murcia. O resto da península estivo ocupada por outros pobos como lusitanos, vetones, carpetones e olcades no centro e lugóns, astures, cántabros, indigetes, lacetanos, laietanos e casetanos na parte norte da Comunidade Catalana.

DOMINACIÓN ROMANA BAIXO AUGUSTO

En Hispania, Roma implantou o réxime provincial que creou ao anexionarse Sicilia ao seu imperio, despois da primeira guerra púnica. A primitiva organización, fixada a pouco da derrota cartaxinesa no solo peninsular, establecía dúas provincias: a ULTERIOR (do lado de alá de Roma) e a CITERIOR (do lado de acá). O límite que as separaba partía da costa á altura de Urci (Almería), corría cara ao norte ata o sur de Despeñaperros e logo perdíase polas estribacións montañosas que separan Castela de Estremadura. Cando Augusto organizou os poderes imperiais dividiu as provincias en SENATORIAIS (confiadas ao Senado) e IMPERIAIS (dependentes do emperador) e aplicou este novo réxime a España no ano 27 a. c. : a BAÉTICA con capitalidade en Córdoba, incluía a parte meridional da antiga ulterior, dende o Guadiana ao Mediterráneo; pola súa poboación e cultura foi provincia senatorial. En cambio foron imperiais a LUSITANIA, con capital en Emérita (Mérida) e a TARRACONENSIS con capital en Tarraco corresponde á antiga citerior, mais Galicia. O feito xeográfico máis notable desta división é a desmembración política da meseta.

HISPANIA NO BAIXO IMPERIO

Os romanos conseguiron a unificación política do territorio engadindo as illas Baleares e as rexións marroquís. Esta organización política levouna a cabo Diocleciano a finais do século III. Diocleciano multiplicou o número de provincias e as agrupou en dioceses e prefecturas. A diocese de Hispania, dependente da prefectura da Galia, constaba de sete provincias: a BAÉTICA e a LUSITANIA, cuxos límites eran moi semellantes aos que tiñan antes; a TARRACONENSIS, reducida á conca do Ebro, pois dela segregáronse a GALLAECIA e a CARTAXINENSIS; a MAURITANIS TINGITANA e a BALEÁRICA. Esta última foi agregada a Hispania polo emperador Teodosio, a fins do século IV.

O REINO VISIGODO HISPANO

O Reino Visigodo establecido en España sufriu unha grave crise a mediados do século VI. Non só mantiveron a súa independencia os suevos, cántabros e vascóns, senón que houbo outras rexións que non conseguiron someter: a Sabaria, no Douro; e a Oróspeda de localización mal definida, pero que en xeral se sitúa no corazón dos macizos béticos. A consolidación do reino visigodo na Península Ibérica foi obra de Leovixildo. Con gran vigor emprendeu a unificación peninsular: recuperou gran parte do dominio bizantino incorporando ao seu reino en 571 a rexión cordobesa; conquistou o reino suevo no 584 e o territorio dos cántabros e dos astures, e parte do dos vascóns. As provincias visigodas foron un calco das romanas: SEPTIMANIA, IBERIA (case a antiga Tarraconensis), AURARIOLA (a Cartaxinensis), AUTRIGONIA (corresponde á rexión rebelde do norte), ASTURICA, GALAECIA, LUSITANIA, HISPALIS e BÉTICA, estas dous últimas divisións da antiga Baética.

A CONQUISTA MUSULMANA

A conquista da península Hispánica polos musulmáns desencadeouse a comezos do século VIII. Aínda así os cristiáns mantiveron a súa independencia na zona montañosa de Asturias, Cantabria e os Pireneos, aínda que os pasos desta cordilleira serviron ata mediados do século VIII de portas á invasión de Francia. Despois da reacción franca, os musulmáns só conservaron a Septimania ao outro lado dos Pireneos. Por outra parte, as illas Baleares continuaron pertencendo ao Imperio Bizantino. Existiron, ademais, núcleos cristiáns que conservaron a súa autonomía como vasalos do Islam: o reino de Teodomiro, no surlleste; e o territorio de Ajuán, ao sur da desembocadura do Douro. Máis tarde, as loitas civís que debilitaron o poder do Emirato permitiron os primeiros reis satures levar a fronteira do seu estado ao Douro. A primitiva organización das provincias musulmáns na Península recorda á división romana: AL-ANDALUS (Baética), MÉRIDA (Lusitania e Gallaecia), TOLAITOLA (Cartaxinensis) e SARAKUSTA (Tarraconensis).

O EMIRATO INDEPENDENTE E O REINO DE LEÓN

A necesidade de centralizar o poder motivou o establecemento dunha serie de provincias nos primeiros tempos do Califato. En xeral, os musulmáns consideraban dividida a península en tres rexións, orientadas de norte a sur: Al-Garb (terra occidental), Al-Musata (terra do medio) e Al-Xarq (terra oriental). Cada unha delas comprendía certo número de provincias. Ao norte da liña fronteiriza entre a cristiandade e o islam prosperaron pouco a pouco os Estados Cristiáns. A zona dominada por estes é máis extensa na meseta que nos Pireneos. Aquí existen de leste a oeste os seguintes núcleos: a MARCA HISPÁNICA, composta polos condados cataláns, os condados de PALLARS, RIBAGORZA, SOBRARDE e ARAGÓN, abertos nos reducidos límites dos vales pirenaicos; e o reino de NAVARRA. Na meseta florece o reino de LÉON que comprende os territorios de Galicia, León, Castela e Bardulia. Máis ao sur esténdese unha zona despoboadada, ESTREMADURA, e o territorio de Portugal.

DISGREGACIÓN DO CALIFATO, NAVARRA E CASTELA

Falto o poder central de personalidades vigorosas, prevalecen en Al-Andalus as tendencias disgregadoras. Así xorden os REINOS DE TAIFAS, cuxos territorios axústanse ás modalidades do relevo peninsular. Constitúense os reinos de Badaxoz, Toledo e Zaragoza. O primeiro comprende parte da antiga Lusitania, o segundo a meseta inferiores e o terceiro gran proporción da conca do Ebro. Na zona levantina multiplícanse os reinos pequenos: os de Albarracín e Alpuente, encasillados no corazón do sistema Ibérico, o de Valencia, o de Denia e o de Murcia. Ao norte da liña fronteiriza acadan especial interese entre os estados cristiáns o de Navarra, que baixo Sancho o Maior aspira á hexemonía. Amplía o seu territorio coa Rioux, Valencia e Aragón.

A ÉPOCA DE ALFONSO VII

Esta época representa a segunda gran tentativa de Castela de expulsar ao islam da península. Os territorios de Alfonso VII incluían os reinos de Castela, León, Galicia e Toledo; pero foi ampliada máis aló das fronteiras do Islam. A reconquista é un proceso bélico pola cal os cristiáns expulsaron aos musulmáns da península. Durante este período (s. VIII a XIII) os caracteres xeográficos da península determinaron en gran parte o mecanismo xeral da avance cara ao sur dos exércitos cristiáns, así como o desenrolo territorial dos estados que se formaron a consecuencia do mesmo. Na marcha cronolóxica da Reconquista obsérvase un notable fenómeno: nunha data concreta as liñas de ocupación cristiá sinalan unha inflexión cara ao norte na zona mediterránea. Este feito está determinado dunha parte polos factores xeográficos e por outra polas características especiais da dominación musulmán. Transcorridas as primeiras etapas da invasión, o dominio árabe tendeu a estabilizarse nunha zona de máximo interese económico e político. Houbo unha forte oposición no levante peninsular e unha resistencia máis débil na meseta norte.

A PENÍNSULA NA ÉPOCA DOS TRASTÁMARAS

Despois das grandes campañas da reconquista de mediados do século XIII, a península acada outra fase de equilibrio político, caracterizado pola presenza en ela de cinco estados. Destes, Navarra e Granada, só eran reliquias da estrutura anterior: Granada é un residuo musulmán e Navarra unha esperanza imperialista malograda. Portugal e a Coroa de Aragón realizan nesta época as tendencias expansivas da península. Castela, en tanto, desenrola unha política continental, plenamente peninsular.

OS REIS CATÓLICOS. CONQUISTA DE GRANADA

A unión das Coroas de Castela e Aragón mediante o matrimonio de Fernando e Isabel realizouse en 1479. Aínda que a unificación foi simplemente monárquica, representou o paso máis firme para a formación dun único estado. Entre os grandes logros que se vinculan aos Reis Católicos atopamos a conquista de Granada. Cada reino seguiu mantendo as súas propias estruturas político-administrativas e fiscais, especialmente o Reino de Galicia. O sitio final da cidade de Granada, de abril de 1491 a xaneiro de 1492, culminou coa rendición final de Boabdil, o último monarca do último reino musulmán da península Ibérica. Antes dos Reis Católicos, Fernando III uniu León con Castela no ano 1230. As principais etapas do seu avance as sinalan as conquistas de Córdoba, Murcia, Xaén e Sevilla.

ESPAÑA NO SÉCULO XVIII. OS BORBÓNS

O século XVIII consolida a definitiva separación de España e Portugal. A liña fronteiriza é case idéntica á actual coa excepción do territorio de Olivenza, que pertenceu a Portugal ata 1801. Os borbóns implantaron o centralismo político cos Decretos de Nova Planta (constitúen unha serie de decretos de Felipe V, dictados entre 1707 e 1718, que deron unha nova organización e normativa de tendencia centralizadora aos antigos reinos da Coroa de Aragón. Por estes decretos, suprimíuse o goberno propio das rexións ás que afectaba, ás cales, á súa vez, perderon institucións, facultade legislativa e boa parte do seu dereito pola imposición do castelán). No reinado de Carlos III aparece a primeira división provincial que responde aínda en gran parte á herdanza histórica. Así Galicia, Aragón, Cataluña e Estremadura forman provincias únicas. Castela A Nova conta con cinco grandes provincias (Madrid, Guadalaxara, Cuenca, Toledo e A Mancha), Murcia con dúas (Murcia e Cartaxena), Andalucía con seis (Sevilla, Córdoba, Xaén, Granada, Málaga e Cádiz), Valencia con dúas (Valencia e Alacant). Na meseta norte Castela A Vella con cinco (Santander, Burgos, Soria, Segovia e Ávila), León con seis (León, Zamora, Salamanca, Valladolid, Toro e Palencia). Asturias, Navarra e as provincias Vascongadas posuían fronteiras moi parecidas ás que tiveron máis tarde no século XIX.

DIVISIÓN PROVINCIAL DE XAVIER DE BURGOS

A división provincial de Xavier de Burgos de 1833 incluía 49 provincias. O mesmo decreto que creou a división provincial agrupou ás provincias en «rexións históricas». Sen embargo, o decreto de Xavier de Burgos non pretendía crear ningún nivel administrativo superior ao provincial. Así, as rexións definidas non tiñan ningún tipo

de competencia ou órgano administrativo ou xurisdiccional común ás provincias que agrupaba, tendo a adscripción á rexións un carácter clasificatorio, sen pretensións de operatividade administrativa.

- Andalucía: Almería, Cádiz, Córdoba, Granada, Huelva, Xaén, Málaga e Sevilla.
- Aragón: Huesca, Teruel e Zaragoza.
- Asturias: Oviedo.
- Baleares: Palma de Mallorca.
- Canarias: Santa Cruz de Tenerife
- Castela a Nova: Cidade Real, Cuenca, Guadalaxara, Madrid e Toledo.
- Castela la Vella: Ávila, Burgos, Logroño, Palencia, Santander, Segovia, Soria e Valladolid.
- Cataluña: Barcelona, Girona, Lleida e Tarragona.
- Extremadura: Badaxoz e Cáceres.
- Galicia: La Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
- León: León, Salamanca y Zamora.
- Murcia: Albacete e Murcia.
- Navarra: Navarra.
- Valencia: Alacante, Castellón da Plana e Valencia.
- Vascongadas: Álava, Guipúzcoa e Biscaia.

Esta división provincial consolídase e triúfa rapidamente, ata chegar aos nosos días, xa que inmediatamente se dota ás capitais de provincias das institucións de goberno básicas, creándose ao tempo os xefes políticos (os futuros gobernadores civís, hoxe delegados e subdelegados do Goberno). Ademais, a división provincial será o soporte para todas as ramas da Administración e as futuras divisións.